

---

# SALTÓN NO CAMIÑO

Texto e ilustracións de **ARNOLD LOBEL**

Tradución de **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ**

---

Encadernado en cartón. 15 x 21,5 cm. 68 páx. 16 €

**Saltón no camiño** (galego)

ISBN 978-84-8464-338-8. Tras os montes.

**Saltamontes va de viaje** (castelán)

ISBN 978-84-8464-337-1. Clásicos contemporáneos.

**El viatge del Saltamartí** (català)

ISBN 978-84-16804-24-5. Clàssics contemporanis.

*Saltón quería ir de viaxe.*

*–Atoparei un camiño, –dixo–. Seguirei ese camiño ata onde me leve.*

*Unha mañá, Saltón atopou un camiño. Era longo e poeirento.*

*Subía ás montañas e baixaba aos vales.*


*–Este camiño paréce-me bonito, –dixo Saltón–. Seguireino...*

«Saltón no camiño» reúne seis relatos do destacado autor estadounidense Arnold Lobel: *O Club*, *Unha casa nova*, *A varredora*, *A viaxe*, *Sempre* e *Pola tarde*. Con cada un dos personaxes que atopa no seu longo camiñar, vivirá unha aventura, unha experiencia que vai máis aló do que aparentemente amosa. Porque neste libro, o cerne está na propia viaxe.

As historias de Saltón, incansable camiñante e cidadán do mundo, trazan perfís inherentes á condición humana; transmítenlles aos lectores a poesía que se oculta no cotiá. Mentres que para o público infantil cada relato é un episodio máis nas peripecias de tan peculiar protagonista, por riba das dificultades que atopa no seu traxecto, os adultos atoparán nesta obra outras lecturas enriquecedoras: entre elas, que a felicidade está nas cousas simples, lonxe de cuestións que nos complican a vida e nos impiden acadar os nosos obxectivos ou gozar do día a día.

Que os relatos de Arnold Lobel sexan sinxelos non significa que sexan superficiais ou banais. Os máis deles tratan sobre a amizade e o amor, presentan a aventura de vivir, nunca a rutina nin a monotónia. Por iso, para Saltón cada día é como o comezo dunha nova vida. Movéndose entre a tenrura e o humor, os libros de Lobel constan de pequenas historias independentes, mais unidas por un fío común, como acontece en «Sopa de rato», «Contos de ratiños», «O porquiño», «Tío Elefante» e «El libro de los guarripios».

Ademais dos textos, Lobel tamén é o ilustrador dos seus libros e o seu grafismo reflicte a mesma tenrura que a obra literaria. Os debuxos que acompañan os textos -de trazo firme e reducida paleta de cores- forman parte esencial e indivisible dun conxunto: as palabras non se entenderían sen a presenza das imaxes.




- **Temática:** viaxe, humor, aventuras.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** busca da felicidade, amizade, viaxes, aventuras; clásico da literatura infantil; do autor de «[Contos de ratiños](#)», «[Sopa de rato](#)», «[O porquiño](#)», «[Tío Elefante](#)», «[El libro de los guarripios](#)» (KALANDRAKA);
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/salton-no-caminho-g>

## Arnold Lobel

(Os Ánxeles, 1933 - Nova York, 1987)

Estudou Arte no Pratt Institute. Empezou traballando para unha axencia de publicidade e posteriormente dedicouse a ilustrar historias escritas por outros autores. En 1962 apareceu o seu primeiro libro, "A Zoo for Mister Muster", ao que lle seguiu un ano despois "A Holiday for Mister Muster". Como autor e ilustrador recibiu numerosos recoñecementos por parte do público e da crítica especializada. Entre os premios logrados destacan o Caldecott Honour Book, o Christopher Award, o Caldecott Award e o Newbery Honour Book. Ao longo da súa traxectoria ilustrou uns 70 libros doutros escritores, aos que se sumaron unha trintena máis escritos e ilustrados por el mesmo.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com

---